

A autora Helena Villar Janeiro (Becerreá, Lugo, 1940) vén de publicar coa editorial Galaxia unha simpática noveleira titulada *Raúl* e protagonizada por un rapaz do mesmo nome que, de seguro, podería ser o fillo desexado por moitas nais e moitos pais, e é que este atípico rapaz non sabe dicir non, estraña circunstancia que o converte nun anxo para os seus pais e avós e que por outra banda fai que resulte un ser repunante para os compañeiros da escola. Esta característica que acompaña a Raúl dende que naceu fai que en multitude de ocasións e sen querelo se vexa mergullado nas máis increíbles situacións. Cando finalmente se arma de valor e acode cos seus pais ao doutor semella unha situación surrealista máis non por iso descoñecida para o médico, xa sabedor desta estraña síndrome: a ODAT (obedece demasiado a todo), quen propón unha dura e, como se comprobará despois, efectiva terapia para combater esta enfermidade que tantos desgustos lle dá a Raúl.

A historia comeza no intre en que nace Raúl, un rapaz xa dende esa cheo dunha maxia especial vinculado sempre á lúa e ao luar (o seu nome ao revés) e remata cando finalmente se libera desa carga que durante anos non lle deixou vivir con liberdade plena. Entre o nacemento e a recuperación as situacións cómi-

Con Raúl

Como saber divertir



PAULA FERNÁNDEZ

cas e divertidas non deixan de suceder e o protagonista sempre acabará mal, ben facendo cousas comprometidas nunha clase, xa sexa chivarse ou facerlle a pelota ao mestre, ou ben comendo cousas noxentas para el e ás que non é

quen de se negar.

A autora tanto polo xeito de narrar, como pola estrutura liñal, como pola maneira de introducir episodios cómicos e tamén polo xeito de se fixar nas pequenas cousas ás veces só perceptíbles para os lectores infantís, amosa un rigoroso coñecemento do público infantil. Sabe que lles gusta e que non, sabe divertilos e trátaos intelixentemente, trazos todos estes que lle valeron para acadar moitos e prestixiosos premios nacionais e internacionais. Se cadra este exhaustivo coñecemento provén do xeito en que Helena Villar Janeiro empezou na literatura infantil, escribindo contos para que os seus fillos puidesen escoitalos, lellos e en definitiva puidesen ter unha literatura de seu nun tempo en que a literatura, e sobre todo a infantil e en galego, non eran recoñecidas nin mimadas coma agora.

Se cadra o xeito de comezar escribir deste xeito, sempre en contacto co público ao que se dirixe, conseguiu dotar as súas obras dunha sensibilidade e dun ton especial que, como podemos apreciar, non esmoreceu cos anos.



VILLAR JANEIRO, H., *Raúl*
(ilustr. David Rubín) Ed. Galaxia.
Vigo, 2005. 99 páxinas